

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de xaneiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO

Comunidade Autónoma de Canarias:

Provincia de Santa Cruz de Tenerife: Frontera e Valverde.

Comunidade Autónoma de Extremadura:

Provincia de Cáceres; Carrascalejo, Cañaveral, Portezuelo e Pedroso de Acim.

Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha:

Provincia de Toledo: Mohedas de la Jara e Puerto de San Vicente.

Comunidade Autónoma de Aragón:

Provincia de Huesca: Baells e Benabarre, Peralta de Calasanz.

Comunidade Autónoma de Galicia:

Provincia de Lugo: Quiroga.

2205 *ORDE PRE/164/2007, do 29 de xaneiro, pola que se modifican os anexos II, III e V do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro. («BOE» 29, do 2-2-2007.)*

O Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 1999/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de maio de 1999, sobre a aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á clasificación, ao envasado e á etiquetaxe de preparados perigosos, así como ás súas posteriores adaptacións ao progreso técnico.

A necesidade de incorporar os coñecementos científicos e técnicos actuais na materia conduciu á publicación

da Directiva 2006/8/CE da Comisión do 23 de xaneiro de 2006, pola que se modifican, para a súa adaptación ao progreso técnico, os anexos II, III e V da Directiva 1999/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre a aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativos á clasificación, ao envasado e á etiquetaxe de preparados perigosos, á vista da experiencia na súa posta en práctica e con obxecto de establecer unha maior precisión na súa aplicación.

Mediante esta disposición incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2006/8/CE da Comisión, do 23 de xaneiro de 2006.

Na súa tramitación foron oídos os sectores afectados.

Esta orde dítase en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira segunda do Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, dispónse:

Artigo único. *Modificación dos anexos II, III e V do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro.*

Os anexos II, III e V do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, modifícanse de acordo co disposto no anexo desta orde.

Disposición transitoria única. *Prazo de aplicación.*

Os criterios de clasificación, envasado e etiquetaxe establecidos no artigo único desta orde non se aplicarán ata o 1 de marzo de 2007.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde trasponse ao dereito español a Directiva 2006/8/CE da Comisión, do 23 de xaneiro de 2006, pola que se modifican, para a súa adaptación ao progreso técnico, os anexos II, III e V da Directiva 1999/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre a aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á clasificación, ao envasado e á etiquetaxe de preparados perigosos.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de xaneiro de 2007.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

ANEXO

Modificación dos anexos II, III e V do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro

1. O anexo II queda modificado como segue:
 - a) O cadro VI substitúese polo seguinte:

CADRO VI

Clasificación da substancia	Clasificación do preparado	
	Categorías 1 e 2	Categoría 3
Substancias carcinoxénicas de categoría 1 ou 2 e R45 ou R49.	Concentración $\geq 0,1$ % carcinoxénico R45, R49 obrigatorias, segundo o caso.	Concentración ≥ 1 % carcinoxénico R40 obrigatoria (<i>salvo que R45* xa estivese asignada</i>).
Substancias carcinoxénicas de categoría 3 e R40.		
Substancias mutaxénicas de categoría 1 ou 2 e R46.	Concentración $\geq 0,1$ % mutaxénico R46 obrigatoria.	Concentración ≥ 1 % mutaxénico R68 obrigatoria (<i>salvo que R46 xa estivese asignada</i>).
Substancias mutaxénicas de categoría 3 e R68.		
Substancias «tóxicas para a reprodución» de categoría 1 ou 2 e R60 (fertilidade).	Concentración $\geq 0,5$ % tóxico para a reprodución (fertilidade) R60 obrigatoria.	Concentración ≥ 5 % tóxico para a reprodución (fertilidade) R62 obrigatoria (<i>salvo que R60 xa estivese asignada</i>).
Substancias «tóxicas para a reprodución» de categoría 3 e R62 (fertilidade).		
Substancias «tóxicas para a reprodución» de categoría 1 ou 2 e R61 (desenvolvemento).	Concentración $\geq 0,5$ % tóxico para a reprodución (desenvolvemento) R61 obrigatoria.	Concentración ≥ 5 % tóxico para a reprodución (desenvolvemento) R63 obrigatoria (<i>salvo que R61 xa estivese asignada</i>).
Substancias «tóxicas para a reprodución» de categoría 3 e R63 (desenvolvemento).		

* Nos casos en que se asignasen as frases R49 e R40 ao preparado, deberanse manter ambas as dúas, xa que R40 non establece a distinción entre vías de exposición, mentres que R49 se asigna unicamente en caso de exposición por inhalación.

b) O cadro VI A substitúese polo seguinte:

CADRO VI A

Clasificación da substancia	Clasificación do preparado	
	Categorías 1 e 2	Categoría 3
Substancias carcinoxénicas de categoría 1 ou 2 e R45 ou R49.	Concentración $\geq 0,1$ % carcinoxénico R45, R49 obrigatorias, segundo o caso.	Concentración ≥ 1 % carcinoxénico R40 obrigatoria (<i>salvo que R45* xa estivese asignada</i>).
Substancias carcinoxénicas de categoría 3 e R40.		
Substancias mutaxénicas de categoría 1 ou 2 e R46.	Concentración $\geq 0,1$ % mutaxénico R46 obrigatoria.	Concentración ≥ 1 % mutaxénico R68 obrigatoria (<i>salvo que R46 xa estivese asignada</i>).
Substancias mutaxénicas de categoría 3 e R68.		
Substancias «tóxicas para a reprodución» de categoría 1 ou 2 e R60 (fertilidade).	Concentración $\geq 0,2$ % tóxico para a reprodución (fertilidade) R60 obrigatoria.	Concentración ≥ 1 % tóxico para a reprodución (fertilidade) R62 obrigatoria (<i>salvo que R60 xa estivese asignada</i>).
Substancias «tóxicas para a reprodución» de categoría 3 e R62 (fertilidade).		
Substancias «tóxicas para a reprodución» de categoría 1 ou 2 e R61 (desenvolvemento).	Concentración $\geq 0,2$ % tóxico para a reprodución (desenvolvemento) R61 obrigatoria.	Concentración ≥ 1 % tóxico para a reprodución (desenvolvemento) R63 obrigatoria (<i>salvo que R61 xa estivese asignada</i>).
Substancias «tóxicas para a reprodución» de categoría 3 e R63 (desenvolvemento).		

* Nos casos en que se asignasen as frases R49 e R40 ao preparado, deberanse manter ambas as dúas, xa que R40 non establece a distinción entre vías de exposición, mentres que R49 se asigna unicamente en caso de exposición por inhalación.

2. O anexo III queda modificado como segue:
- Na parte A, suprímese o punto 2 da epígrafe B (ambiente non acuático-capa de ozono).
 - Na parte B, o cadro 1 substitúese polos seguintes:

CADRO 1A

Toxicidade acuática aguda e efectos prexudiciais a longo prazo

Clasificación da substancia	Clasificación do preparado		
	N, R50-53	N, R51-53	R52-53
N, R50-53. N, R51-53. R52-53.	Véxase o cadro 1b.	Véxase o cadro 1b. $C_n \geq 25\%$	Véxase o cadro 1b. $2,5\% \leq C_n < 25\%$ $C_n \geq 25\%$

Para os preparados que conteñan unha substancia clasificada coa frase N, R50-53, aplícanse os límites de concentración e a clasificación resultante que figuran no cadro 1b.

CADRO 1B

Toxicidade acuática aguda e efectos prexudiciais a longo prazo das substancias moi tóxicas para o ambiente acuático

Valor LC_{50} ou EC_{50} («L(E)C ₅₀ ») de substancia clasificada como N, R50-53 (mg/l)	Clasificación do preparado		
	N, R50-53	N, R51-53	R52-53
$0,1 < L(E)C_{50} \leq 1$	$C_n \geq 25\%$	$2,5\% C_n < 25\%$	$0,25\% C_n < 2,5\%$
$0,01 < L(E)C_{50} \leq 0,1$	$C_n \geq 2,5\%$	$0,25\% C_n < 2,5\%$	$0,025\% C_n < 0,25\%$
$0,001 < L(E)C_{50} \leq 0,01$	$C_n \geq 0,25\%$	$0,025\% \leq C_n < 0,25\%$	$0,0025\% \leq C_n < 0,025\%$
$0,0001 < L(E)C_{50} \leq 0,001$	$C_n \geq 0,025\%$	$0,0025\% \leq C_n < 0,025\%$	$0,00025\% \leq C_n < 0,0025\%$
$0,00001 < L(E)C_{50} \leq 0,0001$	$C_n \geq 0,0025\%$	$0,00025\% \leq C_n < 0,0025\%$	$0,000025\% \leq C_n < 0,00025\%$

Para os preparados que conteñan substancias cun valor LC_{50} ou EC_{50} inferior a 0,00001 mg/l, calcularanse en consecuencia os correspondentes límites de concentración (en intervalos de factor 10).

- c) Na parte B, o cadro 2 substitúese polo seguinte:

CADRO 2

Toxicidade acuática aguda

Valor LC_{50} ou EC_{50} («L(E)C ₅₀ ») de substancia clasificada como N, R50 ou como N, R50-53 (mg/l)	Clasificación do preparado N, R50
$0,1 < L(E)C_{50} \leq 1$	$C_n \geq 25\%$
$0,01 < L(E)C_{50} \leq 0,1$	$C_n \geq 2,5\%$
$0,001 < L(E)C_{50} \leq 0,01$	$C_n \geq 0,25\%$
$0,0001 < L(E)C_{50} \leq 0,001$	$C_n \geq 0,025\%$
$0,00001 < L(E)C_{50} \leq 0,0001$	$C_n \geq 0,0025\%$

Para os preparados que conteñan substancias cun valor LC_{50} ou EC_{50} inferior a 0,00001 mg/l, calcularanse en consecuencia os correspondentes límites de concentración (en intervalos de factor 10).

- d) Na parte B, o cadro 5 da letra B substitúese polo seguinte:

CADRO 5

Perigosos para a capa de ozono

Clasificación da substancia	Clasificación do preparado N, R59
N e R59	$C_n \geq 0,1\%$

3. O anexo V substitúese polo seguinte:

«ANEXO V

Disposicións particulares relativas á etiquetaxe de determinados preparados

A. Para preparados clasificados como perigosos de acordo cos artigos 5, 6 e 7.

1. Preparados de venda ao público en xeral.

1.1 Na etiqueta do envase que conteña os ditos preparados, ademais dos consellos de prudencia específicos, deberán figurar obrigatoriamente os consellos de prudencia S1, S2, S45 ou S46 segundo os criterios fixados no anexo VI do Regulamento de substancias.

1.2 Cando os ditos preparados se clasificasen como moi tóxicos (T+), tóxicos (T) ou corrosivos (C) e sexa materialmente imposible dar a dita información no propio envase, este deberá ir acompañado de instrucións precisas e de doada comprensión nas que figure, se for necesario, a información relativa á destrución do envase unha vez baleiro.

2. Preparados cuxa aplicación se debe realizar por pulverización.

Na etiqueta do envase que conteña os ditos preparados deberá figurar obrigatoriamente o consello de prudencia S23 acompañado do consello de prudencia S38 ou S51 de acordo cos criterios de aplicación definidos no anexo VI do Regulamento de substancias.

3. Preparados que conteñan unha substancia a que se aplique a frase R33: "Perigo de efectos acumulativos".

Na etiqueta do envase dun preparado que conteña cando menos unha substancia a que se aplique a frase

R33, deberase indicar a dita frase R33 tal como figura no anexo III do Regulamento de substancias cando esta substancia estea presente no preparado nunha concentración igual ou superior ao 1 %, salvo se se fixasen valores diferentes no anexo I do Regulamento de substancias.

4. Preparados que conteñan unha substancia a que se aplique a frase R64: "Pode prexudicar os lactantes alimentados con leite materno".

Na etiqueta do envase dun preparado que conteña cando menos unha substancia a que se aplique a frase R64, deberá figurar o texto da dita frase R64 tal como se indica no anexo III do Regulamento de substancias cando esta substancia estea presente no preparado nunha concentración igual ou superior ao 1 %, salvo se se fixasen valores diferentes no anexo I do Regulamento de substancias.

B. Para os preparados independentemente da súa clasificación de acordo cos artigos 5, 6 e 7.

1. Preparados que conteñan chumbo.

1.1 Pinturas e vernices.

Nas etiquetas dos envases de pinturas e vernices cuxo contido total de chumbo determinado segundo a norma ISO 6503-1984 sexa superior ao 0,15 % (expresado en peso de metal) do peso total do preparado, deberán figurar as indicacións seguintes:

"Contén chumbo. Non utilizar en obxectos que os nenos poidan mastigar ou chupar."

Nos envases cuxo contido sexa inferior a 125 ml, a indicación poderá ser como segue:

"¡Atención! Contén chumbo."

2. Preparados que conteñan cianoacrilatos.

2.1 Adhesivos.

Nas etiquetas dos envases que conteñan directamente adhesivos a base de cianoacrilato deberán figurar as indicacións seguintes:

"Cianoacrilato.

Perigo.

Adhirese á pel e aos ollos en poucos segundos.

Mantéñase fóra do alcance dos nenos."

O envase deberá ir acompañado dos consellos de prudencia correspondentes.

3. Preparados que conteñan isocianatos.

Na etiqueta do envase dos preparados que conteñan isocianatos (monómeros, oligómeros, prepolímeros, etc., en estado puro ou mesturado) deberán figurar as indicacións seguintes:

"Contén isocianatos.

Véxase a información facilitada polo fabricante."

4. Preparados que conteñan compoñentes epoxídicos cun peso molecular medio inferior ou igual a 700.

Na etiqueta do envase dos preparados que conteñan compoñentes epoxídicos cun peso molecular inferior ou igual a 700 deberán figurar as indicacións seguintes:

"Contén compoñentes epoxídicos.

Véxase a información facilitada polo fabricante."

5. Preparados que conteñan cloro activo de venda ao público en xeral.

Na etiqueta do envase dos preparados que conteñan máis do 1 % de cloro activo deberán figurar as indicacións seguintes:

"¡Atención! Non utilizar xunto con outros produtos. Pode desprender gases perigosos (cloro)."

6. Preparados que conteñan cadmio (alíaxes), destinados a ser utilizados en soldadura.

Na etiqueta do envase dos ditos preparados deberán figurar de forma lexible e indeleble as indicacións seguintes:

"¡Atención! Contén cadmio.

Durante a súa utilización despréndense vapores perigosos.

Véxase a información facilitada polo fabricante.

Seguir as instrucións de seguranza."

7. Preparados dispoñibles en forma de aerosois.

Sen prexuízo das disposicións deste regulamento, os preparados dispoñibles en forma de aerosois estarán igualmente suxeitos ás disposicións de etiquetaxe conforme os puntos B-2 e B-3 do anexo do Real decreto 2549/1994, do 29 de decembro, polo que se modifica a instrución técnica complementaria MIE-AP3 do Regulamento de aparellos de presión, referente a xeradores de aerosois.

8. Preparados que conteñan substancias que non fosen totalmente probadas.

Cando un preparado conteña cando menos unha substancia que, de conformidade co artigo 13, punto 3, do Regulamento de substancias, leve a indicación «Atención-Non se realizaron probas completas desta substancia», na etiqueta do preparado deberá figurar a indicación "Atención-Este preparado contén unha substancia que aínda non foi totalmente probada"; cando esta substancia estea presente en concentración superior ou igual ao 1 %.

9. Preparados non clasificados como sensibilizantes pero que conteñan cando menos unha substancia sensibilizante.

Na etiqueta do envase de preparados que conteñan cando menos unha substancia clasificada como sensibilizante que se presente nunha concentración superior ou igual ao 0,1 % ou á concentración indicada nunha nota específica para esta substancia no anexo I do Regulamento de substancias deberá figurar a indicación seguinte:

"Contén (nome da substancia sensibilizante). Pode provocar unha reacción alérxica."

10. Preparados líquidos que conteñan hidrocarburos haloxenados.

Para os preparados líquidos que non amosen ningún punto de inflamación ou un punto de inflamación por enriba de 55 °C e que conteñan un hidrocarburo haloxenado e máis do 5 % de substancias inflamables ou altamente inflamables, no envase deberá figurar a indicación seguinte en cada caso:

"Pode inflamarse facilmente ao ser utilizado" ou "Pode inflamarse ao ser utilizado"

11. Preparados que conteñan unha substancia á que se aplique a frase R67: "Os vapores poden provocar somnolencia e vertixe".

Na etiqueta do envase de todo preparado que conteña cando menos unha substancia a que se aplique a frase R67, deberá indicarse a dita frase tal como figura no anexo III do Regulamento de substancias cando a concentración total destas substancias presentes no preparado sexa igual ou superior ao 15 %, salvo que:

O preparado xa estea clasificado coas frases R20, R23, R26, R68/20, R39/23 ou R39/26, ou

O preparado estea contido nun envase que non exceda 125 ml.

12. Cementos e preparados de cemento.

As etiquetas dos envases de cementos e preparados de cemento que conteñan máis do 0,0002 % de cromo (VI)

soluble respecto ao peso total seco do cemento deberán levar a inscrición seguinte:

“Contén cromo (VI). Pode producir reacción alérxica, salvo que o preparado xa estea clasificado e etiquetado como sensibilizante coa frase R43.

C. Para os preparados non clasificados de acordo cos artigos 5, 6 e 7, pero que conteñan cando menos unha substancia perigosa.

1. Preparados non destinados ao público en xeral.

Na etiqueta do envase dos preparados recollidos no artigo 13.1.b) deste regulamento, deberá figurar a indicación seguinte:

“Ficha de datos de seguranza a disposición do usuario profesional que o solicite.”»

XEFATURA DO ESTADO

2291 *REAL DECRETO LEI 2/2007, do 2 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polas inundacións acaecidas os pasados días 26, 27 e 28 de xaneiro na illa de El Hierro.* («BOE» 30, do 3-2-2007, e «BOE» 32, do 6-2-2007).

Durante os días 26, 27 e 28 de xaneiro de 2007 produciuse na illa do Hierro un forte temporal, con episodios de intensas chuvias que afectaron con especial forza toda a illa.

Os índices pluviométricos rexistrados, de ata máis de quíntos litros por metro cadrado escasamente no tempo dun día, desbordaron calquera tipo de previsión e produciron múltiples desbordamentos en leitos de barrancas que arrasaron vivendas e vehículos e causaron importantes danos en diversas infraestruturas.

Estes fenómenos meteorolóxicos adversos orixinaron graves e cuantiosos danos en infraestruturas públicas, especialmente no que afecta a rede viaria, principal e secundaria, redes de iluminación e telefonía, leitos de barrancas, redes de saneamento, estacións depuradoras e desalgadoras, costas e praias e instalacións ambientais. Do mesmo xeito resultaron afectados vivendas, establecementos mercantís, explotacións agrícolas e gandeiras.

É de salientar a afección experimentada polas diversas redes de distribución de auga nos tres subsistemas de que consta a illa: o do norte de Valverde e do Golfo así como o do sur de El Pinar-La Restinga. Tamén de especial importancia foi o asolagamento case total do Centro de Recuperación del Lagarto Gigante de El Hierro no val do Golfo e que supuxo a desaparición dunha ampla colonia deste exemplar único no mundo o que por si mesmo constitúe un desastre ecolóxico que xustifica a necesidade da restauración do museo e dos proxectos de investigación que levaban máis dunha década en desenvolvemento.

Nesta situación as forzas e corpos de seguridade do Estado, e especialmente a garda civil, exerceron labores de salvamento e axuda á poboación, o que permitiu, ademais, realizar unha primeira avaliación dos danos, así como o coñecemento da dimensión da catástrofe acontecida.

A magnitude dos feitos e as súas consecuencias obrigan, desde o principio constitucional de solidariedade e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes, á actuación dos poderes públicos e á adopción, para as zonas afectadas, dun conxunto de medidas paliativas e reparadoras con-

cordantes coas adoptadas anteriormente en ocasións semellantes, para favorecer o restablecemento dos servizos, a reparación dos danos producidos e a volta á normalidade das zonas sinistradas polas inundacións.

O sector agropecuario sufriu cuantiosos danos como consecuencia da completa inundación de predios de medianías, perdas de lindeiros derivadas do arrastre de sedimentos de diversas características, sendo as zonas máis afectadas a de El Pinar e a de Frontera.

Co obxecto de evitar no futuro situacións de desastres naturais equivalentes ás descritas como consecuencia de chuvias torrenciais, faise mester xerar a infraestrutura pertinente que permita a racional canalización das augas polas barrancas que discorran polas proximidades de núcleos poboacionais.

O obxectivo, por tanto, desta norma é aprobar un catálogo de medidas que afectan varios departamentos ministeriais e abranguen aspectos moi diferentes, pois mentres que unhas se dirixen a financiar as obras que se van desenvolver, outras, como a concesión de créditos privilexiados, intentan paliar o impacto nas empresas e particulares afectados.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de febreiro de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos ocasionados polas inundacións producidas os días 26, 27 e 28 de xaneiro de 2007 na illa de El Hierro, incluíndose dentro do ámbito de aplicación deste todos os seus termos municipais e núcleos de poboación.

Artigo 2. *Danos en infraestruturas municipais e rede viaria do Cabido Insular de El Hierro.*

Aos proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais e núcleos de poboación a que se fai referencia no artigo anterior, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos e instalacións e servizos de titularidade municipal e das mancomunidades, e á rede viaria do Cabido Insular de El Hierro, aplicaráselles o trámite de urxencia, e poderalles ser concedida polo Estado unha subvención de ata o 50 por cento do seu custo.

Artigo 3. *Indemnización de danos en producións agrícolas e gandeiras.*

Serán obxecto de indemnización os danos provocados polas inundacións nas explotacións agrícolas e gandeiras que, tendo pólizas en vigor amparadas polo Plan de Seguros Agrarios Combinados, sufrisen perdas por danos nas súas producións non cubertos polas liñas de seguros agrarios combinados.

Non obstante, para o caso de producións que nas datas do sinistro non iniciasen o período de contratación do seguro correspondente, tamén poderán percibir as anteriores indemnizacións, sempre e cando se contratase o seguro correspondente ás ditas producións no exercicio anterior.

Tamén se poderá percibir indemnización polos danos causados en producións non incluídas no vixente Plan